



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A LARACHA

*Corrección de erros nas bases do proceso selectivo dun/ha formador/a - titor/a na especialidade de atención sociosanitaria en institucións sociais*

CORRECCIÓN DE ERROS NO DECRETO DE APROBACIÓN DAS BASES PARA A SELECCIÓN DUN FORMADOR-TITOR DA ESPECIALIDADE FORMATIVA DE ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS (SSCS0208) DIRIXIDA A PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADA INCLUÍDO NO PLAN FORMATIVO PARA O EMPREGO DA COMUNIDADE DE GALICIA

Por decreto núm. 1386/2024 do día 28.11.2023 aprobáronse as bases da convocatoria para a selección de persoal dun docente/ titor da especialidade formativa de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais. Publicado no BOP núm 233.

Advertido erro material na dita resolución, de acordo co artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas *“as administracións públicas poderán rectificar, de oficio o a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”* **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Rectificar a resolución desta alcaldía de xeito que:

Onde di:

...

*“c.1) Nivel académico: (Licenciatura en Medicina, Diplomatura en Enfermería, Licenciatura en Psicoloxía ou Psicopedagogía, Diplomatura en Traballo Social, en Educación Social, para poder impartir tódolos módulos formativos).”*

...

Debe dicir:

...

*“c.1” Licenciado, ingeniero, arquitecto o el título de grado correspondiente u otros títulos equivalentes. · Diplomado, ingeniero técnico o arquitecto técnico o el título de grado correspondiente u otros títulos equivalentes · Técnico Superior de la familia profesional de Servicios Socioculturales y a la Comunidad. · Certificado de profesionalidad de nivel 3 del área de Atención social de la familia profesional de Servicios Socioculturales y a la Comunidad”*

...

**Segundo.-** Conceder unha ampliación de 3 días hábiles para a presentación de instancias dende o día seguinte da publicación do anuncio no BOP

A Laracha, 04 de decembro de 2024

O alcalde

Jose Manuel López Varela

2024/8788